

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES EXTERNAS 2019-20

ACTIVIDADE ORGANIZADA POR FANPA PONTEVEDRA IMPARTIDAS POR ANIAS

-NEUROMOTIVA ABACO PARA EDUCACIÓN PRIMARIA

É un programa de **exercicio mental integral**, que estimula a concentración e relaxación dos nenos e nenas no seu proceso de aprendizaxe na etapa escolar, favorecendo o desenvolvemento da creatividade, do pensamento; e sobre todo anima a xerar coñecementos propios. Utiliza como ferramenta principal o ábaco xaponés que fortalece a atención selectiva necesaria para calquera modalidade de aprendizaxe.

-NEUROMOTIVA PRE-ÁBACO PARA EDUCACIÓN INFANTIL

Favorece a aprendizaxe dos números, a contar correctamente cun apoio visual e manipulativo e a organizar a estrutura mental do cálculo, estimula o xogo ordenado e preciso co ábaco para adestrar a atención e promover a creatividade ao tempo que fomenta o interese e a motivación de logro.

COLEXIO	ACTIVIDADE	DESTINATARIOS	DÍA	HORA
CEP CAMPOLONGO	NEUROMOTIVA – ABACO	1º a 3º Primaria	Martes	16:30 a 17:30
		4º a 6º Primaria	Martes	17:30 a 18:30
CEIP ÁLVAREZ LIMESES	NEUROMOTIVA – ABACO	1º a 3º Primaria	Luns	16:30 a 17:30
		4º a 6º Primaria	Luns	17:30 a 18:30
	NEUROMOTIVA- PRE-ÁBACO	Infantil	Venres	16:30 a 17:30
CEP PRAZA DE BARCELOS	NEUROMOTIVA – ABACO	Primaria iniciación	Mércores	16:30 a 17:30
		Primaria avanzado	Mércores	17:30 a 18:30
EEl CONCEPCIÓN CRESPO RIVAS	NEUROMOTIVA- PRE-ÁBACO	Infantil	Mércores	16:30 a 17:30

*NEUROMOTIVA: Pendente de confirmar espazos de realización

OUTRAS ACTIVIDADES

-INICIACIÓN AO GOLF

A través da súa práctica trátase de iniciar aos nenos e nenas no golf como actividade deportiva que, ademais do factor lúdico, contribúe ao seu desenvolvemento integral coa mellora a nivel físico da coordinación, a locomoción e a resistencia aeróbica e anaeróbica; a socialización a través das regras e os protocolos do xogo; así como o control e xestión das emocións coa elección de opcións para chegar a unha toma de decisións en cada golpe. A práctica extraescolar completárase coa posibilidade de visitas periódicas en familia ao campo de golf.

ESPAZO	ACTIVIDADE	DESTINATARIOS	DÍA	HORA
CEP CAMPOLONGO	GOLF	Primaria	Venres	16:30 a 17:30
CEIP A XUNQUEIRA 2	GOLF	Primaria	Luns	16:30 a 17:30

*INICIACIÓN AO GOLF: pendente de confirmar espazos de realización.

-SURF

O surf ofrece aos nenos e nenas unha mellora na súa coordinación e equilibrio. É un deporte que permite aumentar a capacidade cardiorrespiratoria (capacidade pulmonar e resistencia), así como as posibilidades motoras en xeral. O surf non ten idade, sendo unha boa opción de práctica deportiva en familia, en contacto coa natureza.

ESPAZO	ACTIVIDADE	DESTINATARIOS	DÍA	HORA
PRAIA DA LANZADA	SURF	A partir de 2º Primaria	Sábados a partir de marzo /abril	11:00 a 13:00

INFORMACIÓN: ANIAS: rúa Echegaray nº 39 baixo, Pontevedra. Horario de mañá: 9:30 a 14:00 h.

Teléfonos: Oficina 986 864 598 Coordinación 685 535 202 (Cristina) 649 34 64 57 (Ana) tardes.